

AMIZADE

Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Pontevedra

Rúa Alemaña 23, baixo.
Monte Porreiro.
36162. Pontevedra
Teléfono/fax: 986 845 250
amizade@asociacionamizade.org

www.asociacionamizade.org



PORTAL GUIADIS:

O portal GuiaDis, Guía de Axudas á Discapacidade, recolle máis de 8.200 recursos e axudas ás que poden acceder as persoas con discapacidade. Está a disposición de usuarios con discapacidade, familiares e profesionais.

<http://guiadis.discapnet.es/>

SID:

O Servizo de Información sobre Discapacidade é unha web que conta con información agrupada en diferentes apartados .

<http://sid.usal.es>

MINUSVAL 2000:

Web que conta cun apartado especial e bastante completo sobre ocio adaptado, incluíndo datos de diferentes establecementos de todo o estado.

<http://www.minusval2000.com/>

Boletín impreso en papel reciclado

Non o tires ao chan; usa a papeleira



Boletín financiado por:



O Boletín

Nº12, Decembro de 2011

A crise, os recortes, a realidade

A situación económica actual obriga ás administracións a controlar o seu gasto e a reorientar as súas políticas de inversión pública, pero isto non pode provocar unha redución de dereitos das persoas con discapacidade. Uns dereitos que custou moito tempo e esforzo conseguir e que non admiten mingua ningunha na súa extensión. Máis ben ao contrario, faise precisa unha aposta decidida por políticas de inclusión que garantan, dunha vez por todas, a igualdade de dereitos de toda a poboación. E para iso aínda queda moito camiño que percorrer.

Contidos:

- Novas
- Surf adaptado
- Opinión

O certo é que os recortes sociais xa están aquí; nos últimos anos véñense reduciendo partidas sociais que están a provocar serias dificultades no terceiro sector non lucrativo e nas propias persoas con discapacidade.

O goberno que emane das novas cortes xerais deberá comprometerse firmemente, desenvolvendo lexislación, políticas e estratexias que vaian na liña de garantir a igualdade de oportunidades de todas as persoas. A crise económica non pode servir de coartada para reducir as políticas públicas de discapacidade nin para recortar dereitos sociais.

Como cada ano, a día 3 de decembro celébrase o día internacional das persoas con discapacidade. Un día no que se as diferentes demandas teñen un maior eco mediático, provocando que a poboación teña coñecemento de situacións que permanecían invisibles ante dos seus ollos.



Pero isto non se pode quedar nun único día; os medios de comunicación teñen que continuar informando durante todo o ano das dificultades coas que se atopan as persoas con discapacidade, do escaso apoio que reciben e da Discriminación que sofren.

Tamén a sociedade ten que ser consciente, non permanecer impasible e incidir politicamente na mellora das condicións de vida das persoas con discapacidade. Só entre todas e todos conseguiremos mellorar a nosa sociedade.

Financiado por:

Xornada de pesca

O día 10 de setembro tivo lugar unha nova xornada de pesca organizada por Amizade. Constatouse que continúa a ser unha actividade que lle soe gustar á xente e que a asociación xa organiza por cuarta vez.

Nesta ocasión a climatoloxía non acompañou demasiado e puido ser ese o motivo polo que o número de participantes foi inferior ao de outras edicións anteriores.

Os éxitos obtidos non foron moitos xa que só se puido pescar un exemplar de pequenas dimensións, que posteriormente foi devolto á auga. Contouse coa colaboración de varias persoas voluntarias sen as cales a organización da xornada non sería posible; e noso agradecemento para elas.



Ao remate da xornada, todos/as asistiron a un xantar no que se continuou compartindo opinións e experiencias. O obxectivo de xornadas como esta é, ademais de pasar un día agradable en boa compañía, que algunhas persoas atopen unha nova afición e consecuentemente unha nova maneira de ocupar o seu tempo de lecer.



Ademais, é unha nova oportunidade de facer ver á sociedade que as persoas con discapacidade son quen de realizar moitas cousas, sempre que conten coas condicións axeitadas (ausencia de barreiras, material adaptado,...).

Paseo pola Ría de Pontevedra

Amizade organizou un paseo pola ría de Pontevedra, o venres 9 de Setembro, no que participaron varias persoas con mobilidade reducida. Esta actividade púidose organizar grazas á colaboración do Club Minauta, quen facilitou a embarcación. Trátase dunha zodiac de pequeno tamaño cuxo deseño permite que se poidan incorporar de xeito relativamente sinxelo persoas en cadeira de rodas.



A miña experiencia no Programa de Vacacións de COGAMI

“¡ Si me ven que me vexan!”

Son Ángel, usuario do Centro de Día de Monte Porreiro (centro xestionado por COGAMI). Quero contar a miña experiencia vivida este verán grazas a oportunidade ofrecida por COGAMI no período estival.

Fun agraciado no sorteo que realizaron cunha estancia dunha semana de vacacións na praia de Silgar en Sanxenxo. Con moita incertidume e medo presentei a solicitude. Aínda que tiña moito medo de non saber desenvolverme eu só.

Ao final, foi unha experiencia curta pero inesquecible que non quería que finalizase; como cando tes un soño e non queres despertar; “Unha noite inesquecible”, e iso que foi só unha semana.

O domingo, cando marchaba a xente, eu quedei de último, e paseino mal porque non quería que rematase. Animo a todas as persoas con Discapacidade a que cando se lle presente unha oportunidade coma esta, non dubiden en collela. Coñecín a nova xente coa que non perdo o contacto a través das novas tecnoloxías.

Recomendo que non se deixen levar polos seus medos, porque se non perderánse experiencias inesquecibles como as que vivín este verán en Sanxenxo.

por Ángel Martínez Tenorio



Palestina sen barreiras

“Gracias a AGARESO este pasado 29 de novembro tivemos a oportunidade de coñecer de primeira man, a través da propia protagonista, Dalal Altegi, como viven aspersoas con discapacidade en Palestina.

A experiencia foi máis que enriquecedora. Puidemos coñecer cales son os recursos dos que dispoñen e en que situación se atopan.

Se alguen está interesado, pode ver o vídeo a través do seguinte enlace:

<http://www.agareso.org/gl/multimedia/gran-pantalla-solidaria/item/724-palestina-sin-barreras>



O meu día a día

O meu día empeza ás 7 da mañá cando o meu móbil soa tres ou catro veces. Érgome da cama, aséome e logo almorzo. Unha vez rematado isto empeza o meu calvario. Primeiro teño que esperar unha hora máis ou menos para que chegue o transporte adaptado, mellor dito o "065"; mentres espero, prendo o meu ordenador e leo os xornais dixitais do día, miro o meu correo e cámbiome de cadeira, xa que na casa utilizo a cadeira manual. A cadeira eléctrica úsoa para trasladarme ao centro porque ten as rodas máis grosas e faimo como un amortiguador para as costas, así non sofren tanto durante o transporte como se fose na outra cadeira.



Ás 09:30 chega o 065, suxéitanme a cadeira ao chan do autobús onde 7 persoas máis comparten comigo o servizo, e saímos dirección ao seguinte destino, o centro Xoán XXIII, chegando alí en 10 minutos. Unha vez que os deixamos no centro encamiñámonos cara a Monteporreiro. Neste traxecto comeza a miña penuria diaria, que moitos días me fai dubidar se acudir ao centro ou quedarme na casa cuidando as miñas malferidas costas.

No percorrido que vai dende ENCE ata a entrada do centro de día contei 36 vadéns. Por moi a modo que o condutor/a o tome, o impacto para as costas é tal que unha persoa con discapacidade, e ademais sen sensibilidade algunha a partir do peito para baixo, sente como se lle cravaran un puñal en todas as costelas. Para colmo dos meus males, ademais teño que facer todo o traxecto coa cabeza de lado xa que non podo ir sentado normal debido á altura. Chego sobre as 10:25 a Monteporreiro e cambio para a cadeira manual que teño no centro. Rematada esta tarefa reúnome co resto dos compañeiros que xa se atopan na clase.


Para min o día termina ás 16:00, xa que o 065 non me pode recoller máis tarde; isto provoca que non podo gozar de máis tempo cos meus compañeiros do centro, e incluso perder actividades do meu agrado. Volve a comezar de novo a meu pesadelo, percorrendo as estradas cheas de buratos, curvas seguidas de ramplas e descensos que me deixan os brazos doloridos e as mans cheas de callos da forza que fago ao agarrarme para non caer, acabando o día mais torto do que estou.

Persoalmente considero que todo o chapapote e aglomerado xunto que se usa para facer eses vadéns, que interrompen a libre circulación de todo tipo de autos, o podían usar para tapar todos os buratos que existen nas estradas de toda querida Pontevedra. Penso que é verdade que as persoas en cadeiras de rodas, maiores, nais cos seus fillos, etc, etc... beneficiámonos ao cruzar os pasos de peóns que contan con estes vadéns, cruzando a rúa sen notar a diferenza de altura, facendo que os autos rebaixen a súa velocidade, pero tamén é certo, que sen ser tan elevados todos estaríamos mellor, peóns e condutores.

por José Figueroa Piñeiro

Debido ao pequeno tamaño da embarcación, fixéronse dúas viaxes con dous grupos de persoas, sendo cada unha de aproximadamente unha hora de duración.


Saiuse desde o peirao das Corbaceiras e foise río arriba ata a estación de bombeo, e volta ao lugar de partida. Un paseo agadable no que se puido gozar dunha visión da ría de Pontevedra desde unha perspectiva especial, que non moitas persoas teñen a oportunidade de vivir. Atravesar a ponte do Burgo por debaixo dos seus arcos permite apreciar a beleza da construción dunha ponte importante na historia de Pontevedra.



A viaxe río arriba faise cada vez máis sorprendente; ponte de Santiago, ponte dos Tirantes, praia fluvial de Monte Porreiro e estación de bombeo. Ao pasar a praia, a ausencia de ruídos e a paisaxe frondosa de ribeira provocaba unha sensación moi agradable para todos os sentidos.

Tratouse dunha actividade de grande interese entre as persoas con mobilidade reducida (en especial, as usuarias de cadeira de rodas) polo feito de que non soen ter oportunidade de gozar do transporte marítimo debido a escasa accesibilidade coa que contan peiraos e embarcacións.

Neste sentido, desde Amizade aproveitamos a ocasión para denunciar novamente o actual estado das cousas, en concreto, dos peiraos e das embarcacións. Seguen a construírse peiraos e pantaláns que non contan coas axeitadas condicións de accesibilidade, e séguese a permitir a posta en funcionamento de embarcacións que non poden transportar persoas con mobilidade reducida; mesmo embarcacións que efectúan transporte baixo concesións públicas. De feito, para desenvolver esta actividade tamén houbo que sortear varias dificultades debido ao estado dos pantaláns.



Remata o Obradoiro de Introducción ao Deseño Gráfico: Photoshop

O pasado día 16 de novembro finalizou o "Obradoiro de Introducción ao Deseño Gráfico: Photoshop", día no que e os/as alumnos/as participantes recibiron os seus diplomas que acreditan a superación de todos os módulos do obradoiro.

O obradoiro deu comezo o 16 de marzo de 2011 e tivo unha duración total de 118 horas. O obxectivo do mesmo foi formar ás persoas asistentes no deseño, retoque e fotomontaxes. Ademais, permitiu que coñecesen un programa de deseño como o Photoshop, o que permitirá no futuro que os/as alumnos/as participantes poidan iniciarse noutros programas de deseño como pode ser o CorelDraw. Ao mesmo tempo, este obradoiro incrementou as súas posibilidades de acceso ao mercado de traballo a través da mellora da súa formación.

Amizade quere agradecer o apoio económico prestado pola Deputación de Pontevedra, sen o cal o Obradoiro tería moitas dificultades para poder ser realizado.



Participamos no Magosto Tradicional de Monte Porreiro

O sábado 12 de Novembro, en colaboración coa Asociación de Veciños/a, APAs, asociacións culturais e deportivas, e outras entidades de Monte Porreiro, tivo lugar un Magosto tradicional, no que participou Amizade.

Este deu comezo ás 17:00 da tarde no Mirador de Monte Porreiro, o cal estivo amenizado por unha banda de gaitas e houbo castañas para todos/as. Achegáronse ao mesmo varios/as socios/as de Amizade e este permitiunos compartir esta festa tradicional e dunha xornada agradable.



Novos servizos para os/as socios/as de Amizade

Terapia Ocupacional, Psicoloxía e Logopedia son os novos servizos que ofrece a nosa entidade aos/ás seus/súas asociados/as.

O servizo de Terapia Ocupacional está desenvolvéndose os venres en horario de 11:00 a 14:00 e o de Psicoloxía e Logopedia os martes de 09:00 a 11:00., sendo estes gratuítos. Se algún socio/a está interesado/a, deberá poñerse en contacto coa Asociación en horario de 08:30 a 15:00.

Surf adaptado

Aparentemente, o surf é un deporte que require unha boa preparación e unha gran mobilidade e axilidade para facer fronte ao movemento das ondas. Parece pois difícil que persoas con mobilidade reducida poidan practicar este deporte. A continuación cítanse dous casos nos que se pode ver como, coas axudas necesarias, este deporte pode ser practicado por persoas con discapacidade.



Considerado un dos mellores surfistas de ondas grandes do planeta, Octaviano Augusto de Campos Bueno, "Taiu", conseguiu levar o nome de Brasil ao máis alto do escenario do surf mundial desde os anos 80's. En Novembro do ano 1991 xa competía por décima vez no circuito mundial cando un acontecemento inesperado cambiou radicalmente os seus plans; exactamente un mes antes de cumprir 29 anos unha onda mal acabada provocoulle unha fractura na súa cuarta vértebra cervical e tocoulle a médula espiñal. Actualmente continúa vinculado ao mundo do surf como subdirector dunha revista especializada, colaborando para outras publicacións e en calidade de xuíz en campionatos varios.



Grazas aos patrocinios de grandes marcas deste deporte conseguiu realizar moitos proxectos, como a publicación do seu libro "Alma Guerrera". Tamén é presidente do SMF (Surfistas Marchando para Frente), movemento que ten por obxectivo unir dentro e fóra da auga aos surfistas brasileiros.

Outro caso parecido é o de Jessie Billauer, un surfista moi coñecido en California e un serio aspirante nos seus tempos a colarse dentro do circuito profesional de surf. Á idade de 17 anos unha mala caída nunha onda provocoulle unha fractura na súa sexta vértebra cervical ao golpearse contra o fondo de area. Queda tetraplético ao instante debido ao dano medular producido. Os médicos dicíanlle que nunca surfearía de novo pero grazas á súa capacidade de adaptación, tenacidade, axuda e esforzo creou a súa propia Fundación: www.liferollson.org/, a cal promove o surf adaptado en persoas con discapacidade física. Continúa viaxando e practicando o seu deporte favorito por todo o planeta, converténdose nun exemplo a seguir para o resto da comunidade e axudando á xente en situacións similares, demostrando que se puede vivir igual ao máximo.

